

Administración avanzada de sistemas operativos Linux (LPIC-2)

Descrición

O presente curso oficial constitúe o itinerario formativo e de certificación deseñado pola organización internacional Linux Professional Institute (LPI) para a correcta preparación do seu nivel profesional avanzado de certificación LPIC-2: Linux Engineer.

O curso oficial Linux LPIC-2 traslada aos/ás asistentes os coñecementos necesarios para configurar un servidor Linux conectado á rede (interna ou internet) para que preste á súa empresa servizos esenciais como correo electrónico, servizos web, redes privadas virtuais VPN, SSH, DNS, servidores de arquivos Samba ou NFS con LVM e/ou RAID, etc.

O programa de formación de LPI está especialmente deseñado para proporcionar os coñecementos e habilidades necesarios para administrar calquera das distribucións dos sistemas operativos Linux e as súas ferramentas asociadas.

Obxectivos

Ao finalizar o curso, os/as asistentes adquirirían competencias profesionais para:

- Administrar contornas de rede medianas
- Planificar, manter e asegurar unha rede mixta (Microsoft /Linux)
- Instalar e configurar os servidores de rede Samba, Firewall, Proxy, Correo, News, Web e FTP
- Xestionar e tomar decisións nun departamento TI con Linux

Dirixido a

Dirixido a usuarios/as de sistemas Linux que desexen adquirir coñecementos avanzados na administración de servidores Linux de alcance corporativo, concretamente no referente á administración e mantemento habitual, así como a configuración e posta en funcionamento de servizos como email, web, vpn, etc.

Para un máximo aproveitamento do curso, é recomendable que os/as asistentes dispoñan de coñecementos medios e experiencia no manexo de sistemas operativos Linux a un nivel equivalente aos adquiridos mediante o curso de *Administración de Linux - Certificación LPI Nivel 1*.

Perfil do docente

Os/as formadores/as son persoas con máis de 10 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica nos ámbitos de aplicación. Dispoñen das certificacións oficiais do fabricante (neste caso LPI) para impartir estes cursos e pasaron con éxito as probas de formación de formadores/as.

Instrutores/as oficiais para as certificacións LPIC-1, LPIC-2 e LPIC-3.

DURACIÓN	80 horas
PROGRAMA	Programación 2018/19
MATRÍCULA	Gratuíta
METODOLOXÍA	Presencial
TIPO	CURSO
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	LPIC-2: Linux Engineer
BENEFICIOS	
HORARIO	De luns a venres de 16:30 a 20:30 horas.
PERIODO INSCRICIÓN	10/06/2019 - 20/06/2019
PROBA DE SELECCIÓN	25/06/2019, 16:00
PERIODO DOCENCIA	02/09/2019 - 27/09/2019

LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
Nº PRAZAS	16 (Mínimo 10)

Temario

LPI 201-450: Linux Engineer - Parte I

TEMA 200: Capacidade de planificación

1. Recursos e medidas para solucionar problemas
2. Recursos futuros

TEMA 201: Linux Kernel

1. Compoñentes de núcleo
2. Compilar o Kernel
3. Resolución de problemas no Kernel

TEMA 202: Arranque do sistema

1. Inicio do sistema personalizado con Sys V Init
2. Recuperación do sistema
3. Alternate Bootloaders

TEMA 203: Sistema de arquivos e dispositivos

1. Funcionamento do sistema de arquivos Linux
2. Manter un sistema de arquivos Linux
3. Crear e configurar opcións do sistemas de arquivos

TEMA 204: Administración avanzada de dispositivos

1. Configuración RAID
2. Axustes de acceso aos dispositivos de almacenamento
3. Logical Volume Manager (LVM)

TEMA 205: Configuración da rede

1. Configuración da rede básica
2. Configuración avanzada de rede
3. Solución de problemas de rede

TEMA 206: Mantemento do sistema

1. Compilación e instalación de programas desde códigos fonte
2. Operacións de backup

3. Notificación a usuarios de cuestións do sistema

LPI 202-450: Linux - Parte 2

TEMA 207: Servidor de nomes de dominio

1. Configuración básica do servidor DNS
2. Crear e manter as zonas DNS
3. Protexer un servidor DNS

TEMA 208: Servidor Web

1. Configuración básica dun servidor Apache
2. Configuración de Apache para HTTPS
3. Implementación de Squid como un servidor proxy cache.
4. Implementación de Nginx como un servidor web e un proxy inverso

TEMA 209: Uso compartido de arquivos

1. Configuración do servidor SAMBA
2. Configuración do servidor NFS

TEMA 210: Xestión de rede de cliente

1. Configuración de DHCP
2. Autenticación PAM
3. Uso do cliente LDAP
4. Configuración dun servidor OpenLDAP

TEMA 211: Servizos de correo electrónico

1. Servidores de correo electrónico
2. Xestión de entrega de correo electrónico local
3. Xestión de entrega de correo electrónico remoto

TEMA 212: Seguridade do sistema

1. Configurar un router
2. Servidores de FTP
3. Secure Shell (SSH)
4. As tarefas de seguridade
5. OpenVPN